

Un 2011 decisivo para Palestina?

Description

Arxentina, Brasil, BolÃ­via, Ecuador, Paraguai, Uruguai e o MERCOSUR recoñeceron en decembro de 2010 a legalidade dun Estado palestino "libre e independente" coas fronteiras anteriores a 1967. Con isto, son 105 os paÃ­ses que recoñecen actualmente a legalidade internacional do Estado palestino, razÃ³n pola que a Autoridade Nacional Palestina (ANP) presentará unha resoluciÃ³n ante a ONU en xaneiro de 2011 para ser recoñecida formalmente como Estado.

A tÃ­mida renovaciÃ³n de negociacións en setembro pasado entre Israel e a ANP estipulaba a creaciÃ³n oficial dun Estado palestino para setembro de 2011. Pero o panorama segue a ser, cando menos, incerto tomando en conta a actual paralizaciÃ³n das negociacións, que ilustran tres variables clave para o futuro de Palestina no 2011.

A primeira, a tradicional inflexibilidade do primeiro ministro israelÃ­ BenjamÃ­n Netanyahu para por fin aos asentamentos israelÃ­s en Cisjordania, a pesar das presións por parte de Washington para paralizalos momentaneamente. A necesidade de preservar o apoio da ultradereita Israel Beitanu para a súa coaliciÃ³n de goberno, especialmente do seu intransigente lÃ­der e ministro de Exteriores israelÃ­, Avigdor Lieberman, persuadiron a Netanyahu e o seu partido dereitista Likud a apostar decididamente pola súa continuidade no poder antes que ceder ante calquera presiÃ³n exterior.

Recentemente, Lieberman cualificou que as circunstancias actuais "imposibilitan" un acordo cos palestinos. A intransixencia israelÃ­ é tan patente que, ademais de bloquear a futura resoluciÃ³n ante a ONU sobre a legalidade do Estado palestino, o propio Netanyahu afirmou que se a ANP quere alcanzar o seu obxectivo, "*debe recoñecer o carÃ¡cter xudeu de Israel e aceptar a presenza de bases militares israelÃ­s*" en territorio palestino.

En segundo lugar, a ANP segue a diluÃ­rse nunha fractura polÃ­tica interna invariable desde 2007, na que Al Fatah controla Cisjordania mentres o movemento islamita Hamas asÃ©ntase nunha Gaza internacionalmente illada e sacudida pola crise humanitaria. A necesidade de preservar un mÃ­nimo de control de poder e de viabilidade institucional son factores que persuaden ao presidente Mahmud Abbas a gobernar practicamente por decreto, desprazando da escena polÃ­tica a figuras con considerable peso e influencia, especialmente en materia de seguridade, como foi o recente caso de Mohamed Dahlan.

Finalmente, a conxuntura rexional e internacional non favorece especificamente á concentraciÃ³n da atenciÃ³n mundial sobre Palestina e as sÃºas necesidades. Nun contexto determinado pola crise econÃ³mica global, cos temores occidentais cara o ascenso de IrÃ¡n e do seu programa nuclear (dentro dun clima prebÃ©lico constantemente manexado por Israel e EEUU) e ante a perspectiva de retiro militar estadounidense de Iraq e AfganistÃ¡n pautados para mediados de 2011, poucos factores clarifican a posibilidade xa non sÃ³ da creaciÃ³n dun Estado palestino para finais do prÃ³ximo ano, senÃ³n sequera dunha maior atenciÃ³n internacional cara a súa situaciÃ³n.

Con isto, a frustraciÃ³n apoderaase da sociedade palestina: segundo a Oficina Central de EstatÃ­sticas da ANP, un total de 7.000 palestinos de entre 15 e 29 anos emigran anualmente desde Cisjordania e Gaza, principalmente por razÃ³ns socioeconÃ³micas. Unha crÃºa perspectiva que complica aÃ­nda mÃ¡is a viabilidade dun Estado palestino fragmentado pola ocupaciÃ³n israelÃ­ e a indolencia das grandes potencias internacionais.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Oriente Medio ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Decembro 29, 2010

Meta Fields

Autoria : 3713

Datapublicacion : 2010-12-29 00:00:00